



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

A Corporación Municipal do Concello de Baleira, Lugo, na sesión plenaria extraordinaria do 03 de maio do 2016 adoptou, co voto favorable de seis membros, dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación, o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe :

“3.- MODIFICACIÓN DA DEDICACIÓN DO SEGUNDO TENIENTE DE ALCALDE, CONCELEIRO DE OBRAS E SERVICIOS.

Tendo en conta o regulado no artigo 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e estudiada-las necesidades para un axeitado funcionamento do Concello

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

1 – Modifica-la dedicación do Segundo Teniente de Alcalde, concelleiro de obras e servicios, segundo o seguinte detalle:

Segundo Teniente de Alcalde, Concelleiro de Obras e Servicios : Dedicación parcial de trinta horas semanais cunhas retribucións brutas mensuais de mil cento trinta e sete euros (1.137,00€) cun total de trece mil seiscientos corenta e catro euros (13.644,00€) anuais distribuídos en doce pagas . A dedicación necesaria para o percibo das mencionadas retribucións será de trinta horas semanais . O horario preferente será entre as 08:00 e 15:00 horas sen prexuízo de que necesidades do servicio esixan o exercicio das súas funcións fora do mencionado horario.

O membro da Corporación Municipal con dedicación parcial non percibirá asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que forme parte . O Concello pagará as cotizacións que legalmente correspondan á Seguridade Social polas retribucións percibidas.

- Tendo en conta que o 2º Tenente de Alcalde- Concelleiro de Obras e Servicios ten a condición de traballador por conta allea con dedicación parcial , declarar o cargo e a dedicación establecida no Concello compatible coa súa condición de traballador por conta allea .

Baleira, 25 de abril do 2016.O Alcalde.Asdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López.”

Baleira, 11 de maio do 2016.

O Alcalde

Asdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López.

